



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

I. NOVAS SOBRE MEMBROS DO PADROADO, RECOÑECEMENTOS, NOMEAMENTOS...

23 de xaneiro

Remitiuse carta á presidencia do Consello da Cultura Galega comunicando a representación da Fundación nesa institución polo presidente Manuel Puga.

21 de marzo

O presidente Manuel Puga incorporouse ao Plenario do Consello da Cultura Galega (CCG), en representación da Fundación Penzol. Substitúe o noso padroeiro Silvestre Gómez Xurxo, que cumpriu os prazos de mandato.

27 de marzo

Incorporouse ao “Álbum de Galicia” do Consello da Cultura Galega (CCG) a biografía dedicada a Blanca Jiménez Alonso, presidenta da Fundación dende 1982 ata o seu falecemento. A entrada elaborárona Patricia Arias Chachero e a nosa vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera.

21 de setembro

A Fundación Carlos Velo honrounos co galardón “Veliana de Honra” nun acto celebrado no Auditorio Municipal de Cartelle, na localidade de Outomuro. O alcalde de Cartelle, Jaime Sousa, e a presidenta da Fundación Carlos Velo, Carmen Leyte, abriron o acto, no que Xosé Enrique Acuña foi o encargado da ‘laudatio’, facendo especial fincapé no fondo sobre Carlos Velo que custodiamos. O noso presidente, Manuel Puga, encargouse das palabras de agradecemento e recolleu o premio —unha escultura de Acisclo Manzano—



xunto co noso director, Xosé Manuel Soutullo. Ao acto tamén asistiu o padroeiro Silvestre Gómez Xurxo.

18 de decembro

Na reunión ordinaria do Padroado da Fundación acordouse por asentimento nomear a Xurxo Martínez González e Marián Vidal Fraile novos membros do Padroado. Incorporáronse ao remate da reunión para aceptar o nomeamento.

O Padroado entregou a Marián Vidal —na mesma sesión do seu nomeamento como padroeira— con motivo da súa xubilación, unha placa, realizada por Esmaltes Hernández, en recoñecemento polo seu labor na nosa institución entre 1985 e 2024.

18 de decembro

Celebrouse, na sede da Fundación, unha homenaxe a Alfonso Zulueta de Haz, presidente da nosa institución entre os anos 2012 e 2017, con motivo do centenario do seu nacemento. No transcurso do acto presentouse o libro *Alfonso Zulueta. Unha humanidade vivida*, coeditado por Editorial Galaxia, Editorial SEPT e mais a nosa Fundación.

Na sesión interviron o presidente Manuel Puga, Silvestre Gómez Xurxo, presidente de SEPT; Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, e Antón Vidal Andión, presidente de Editorial Galaxia, tamén membros do Padroado.

19 de decembro

Organizado Ateneo de Pontevedra, tivo lugar un acto de homenaxe a Alfonso Zulueta de Haz con motivo do centenario do seu nacemento, en 1924, acto no que tamén se presentou o libro *Alfonso Zulueta. Unha humanidade vivida*, coeditado por Editorial Galaxia, Editorial SEPT e mais a nosa Fundación, e no que participou o noso vicepresidente primeiro e presidente de Galaxia, Antón Vidal. Tamén interviñeron Xaime Toxo, presidente do Ateneo de Pontevedra; Rafael López Torre, escritor; Guillermo Campos, xornalista; Pilar Allegue, filósofa e escritora, e Fernando Filgueira Iglesias, médico e padroeiro da Fundación Filgueira Valverde.

31 de decembro



Falece Xosé Francisco Domínguez, exdirector da Fundación e padroeiro. O velorio instalouse no tanatorio do cemiterio de Castrelos.

II. ACTIVIDADES

12 de xaneiro

Anotado no Rexistro de Fundacións de Interese Galego o depósito do Plan de actuación correspondente ao ano 2024.

9 de marzo

Asinouse un convenio de prácticas coa Facultade de Filosofía de Santiago de Compostela.

22 de abril

Stella Maris González Balbuena, filla de Evaristo González Fernández (*Evaristo de Sela*), e Manuel Puga, presidente da Fundación, asinaron o documento de doazón dos fondos documentais e bibliográficos achegados en distintos momentos pola filla.

22 de maio

Inauguración da exposición biobibliográfica sobre Luísa Villalta, organizada polo director, Xosé Manuel Soutullo. No acto participaron María Dolores Villanueva, secretaria do noso Padroado; Susana Villalta, irmá da homenaxeada; Víctor F. Freixanes, presidente da Real Academia Galega; Manuel Puga, presidente da Fundación Penzol, e Abel Caballero, alcalde de Vigo.

28 de maio

Celébrase reunión da Comisión Permanente, preparatoria da do Padroado que se celebrará no vindeiro mes de xuño.

18 de xuño

Celébrase o pleno ordinario do Padroado coa seguinte orde do día:

1. Informe das actividades realizadas no primeiro semestre de 2024.
2. Aprobación, se procede, da Memoria do exercicio 2023.



3. Aprobación, se procede, das Contas do exercicio 2023.
4. Ratificación de padroeiras e padroeiros que cumpriron mandato, segundo o artigo 10 dos estatutos da Fundación. Corresponde ratificar a Marcelino Agís Villaverde e Xoán Bernárdez Vilar.
5. Propostas de actividades para o segundo semestre de 2024.
6. Preguntas e propostas.
7. Redacción e aprobación, se procede, da acta da reunión.

5 de xullo

Presentadas na Xunta de Galicia, para o seu rexistro, as contas anuais de 2023, aprobadas polo Padroado o 18 de xuño.

15 de xullo

A directora técnica, Marián Vidal, enviou un informe ao Servizo de Xestión e Promoción Cultural do Concello de Vigo advertindo de deficiencias nos depósitos de fondos da Casa Galega da Cultura, urxindo a instalación de novos equipos de climatización que permitan manter constantes a temperatura e a humidade, condición necesaria para o bo estado de conservación dos fondos.

22 de outubro

Celebrouse no salón de actos da Casa Galega da Cultura a “Xornada Xohán Vicente Viqueira (1886-1924), organizada coa colaboración do Consello da Cultura Galega. Coordinada por María Dolores Cabrera, vicepresidenta segunda da Fundación, que introduciu o acto, contou coa participación de Manuel Puga, presidente da Fundación Penzol, e de Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega e padroeira da Fundación. Os relatores do acto e os seus temas foron: Antón Costa, “Psicopedagogía e reforma escolar en Galicia”; Xurxo Martínez, “A irmandade de Viqueira”, e Xosé Manuel Dasilva, padroeiro da Fundación Penzol, “Xohán Vicente Viqueira e a lingua”.

No acto, Silvestre Gómez Xurxo, padroeiro da Fundación, presentou o número 31 do boletín *Novas Penzol*, “No centenario de Xohán Vicente Viqueira, 1886-1924”.

15 de novembro



Inauguración da exposición “Castelao. Do *Sempre en Galiza* ao Consello de Galiza. 1944-2024”, promovida pola Fundación e mais a Cátedra Institucional Castelao. No acto interviron Manuel Puga, presidente da Fundación; Henrique Monteagudo, comisario da mostra e padroeiro da Penzol, e Gorka Gómez, concelleiro de Cultura do Concello de Vigo.

22 de novembro

O padroeiro Silvestre Gómez Xurxo presentou o número 31 de *Novas Penzol* no marco das xornadas “Olladas no pasado, 2024. Centenario de Xoán Vicente Viqueira”, organizadas polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

18 de decembro

Reunión do Padroado da Fundación. Celebrouse coa seguinte orde do día:

1. Informe das actividades realizadas no segundo semestre de 2024
2. Proposta de nomeamento de dous novos padroeiros
3. Aprobación, se procede, do Plan de actuación e do Orzamento para o ano 2025
4. Informe sobre o estado da herdanza de Xaime Isla
5. Preguntas e propostas
6. Redacción e aprobación, se procede, da acta da reunión

III. ACTIVIDADES PROMOVIDAS POR OUTRAS INSTITUCIÓNS NAS QUE COLABOROU / PARTICIPOU A FUNDACIÓN PENZOL

EXPOSICIÓNS. PRÉSTAMO DE MATERIAIS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

23 de xaneiro

A Fundación Penzol colaborou, achegando exemplares bibliográficos e hemerográficos dos nosos fondos, así como cun morteiro do boticario liberal Xosé María Chao, na exposición “Vigo no tempo”.



13 de marzo

Inaugurouse, na Parroquia do Sagrado Corazón, en Vigo, “55 anos da liturxia en galego. 1969-2024”. Ao acto, presentado por Silvestre Gómez Xurxo, tamén comisario da exposición xunto co padroeiro Francisco Domínguez, asistiron o presidente, Manuel Puga, o vicepresidente primeiro, Antón Vidal; a vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

OUTRAS ACTIVIDADES

22 de xaneiro

Comisariada polos padroeiros Silvestre Gómez e Francisco Domínguez, inaugurouse en Santiago de Compostela, no claustro menor de San Martiño Pinario, unha mostra conmemorativa dos 55 anos da aprobación polo Vaticano, en xaneiro de 1969, do galego como lingua litúrxica. Ao acto, presentado por Silvestre Gómez, asistiron o vicepresidente primeiro, Antón Vidal; a vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

28 de xaneiro

O presidente enviou unha nota de adhesión aos actos en homenaxe a Castelao, organizados en Rianxo.

24 de febreiro

O presidente, Manuel Puga, o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e o director, Xosé M. Soutullo, asistiron ao acto de ingreso de Alejo Amoedo Portela como académico numerario na Real Academia Galega de Belas Artes.

13 de abril

O presidente, Manuel Puga, e o vicepresidente segundo, Antón Vidal, asistiron aos actos de toma de posesión de Alfonso Rueda como presidente da Xunta de Galicia, en San Domingos de Bonaval.



19 de abril

O presidente, Manuel Puga asistiu ao acto de toma de posesión de David Regades como delegado da Zona Franca de Vigo.

19 de abril

Entre os asistentes á inauguración en Pontevedra da exposición *Fina Casalderrey: medrando entre historias* estiveron as padroeiras e padroeiros Antón Vidal, María Dolores Cabrera, Rosario Álvarez e Xosé Manuel Soutullo.

25 de abril

O vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e o director, Xosé Manuel Soutullo asistiron ao acto de inauguración da exposición “Radio Vigo, 90 anos de historia da cidade”, instalada na sala de exposicións da Casa Galega da Cultura.

25 de abril

O director, Xosé Manuel Soutullo, asistiu á “Xornada-homenaxe a Domingo García-Sabell, organizada pola Fundación Carlos Casares no Consello da Cultura Galega.

27 de abril

A vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera, representou a Fundación na sesión extraordinaria da Real Academia Galega de recepción como académico numerario de Anxo Angueira.

4 de xuño

Acto de reinauguración do Museo Francisco Fernández del Riego. Asistiron o presidente, Manuel Puga; o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e o director, Xosé Manuel Soutullo.

8 de xuño

A vicepresidenta segunda, María Dolores Cabrera; a secretaria, María Dolores Villanueva, e o director, Xosé Manuel Soutullo, asistiron á sesión extraordinaria da Real Academia Galega, celebrada en Cambados co gallo da recepción como académico de honra de Takekazu Asaka.

3 de xullo



O vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e o director, Xosé Manuel Soutullo, asistiron, no Parlamento de Galicia, á presentación do libro de Castelao, *O Estatuto de Galiza. Antecedentes e comentarios*. No acto interveu Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega e padroeira da Fundación.

25 de xullo

O padroeiro Marcelino Agís participou, en representación da nosa Fundación, na ofrenda floral a Rosalía de Castro, celebrada no Panteón de Galegos Ilustres de San Domingos de Bonaval.

17 de agosto

O presidente, Manuel Puga, e o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, asistiron no cemiterio de Santo Amaro aos actos de homenaxe a Alexandro Bóveda.

19 de agosto

O director, Xosé Manuel Soutullo, e o padroeiro Xavier Martínez Covas asistiron ao acto de lembranza de Ánxel Casal organizado polo Concello de Santiago.

17 de setembro

O presidente, Manuel Puga; o vicepresidente primeiro, Antón Vidal, e mais o director, Xosé Manuel Soutullo, asistiron á reunión sobre o plan de usos do Teatro Fraga de Vigo convocada pola Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra.

15 de novembro

Ao acto institucional no Parlamento Galego no que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao foi recoñecido como "presidente do Consello da Galiza", asistiron Antón Vidal, vicepresidente primeiro da Fundación, e Xosé Manuel Soutullo, director.

1 de decembro

Respondendo ao convite da organización, o director, Xosé Manuel Soutullo, asistiu ao acto de clausura da XVIII Asemblea Nacional do BNG, celebrada en Santiago de Compostela. O presidente non puido asistir por unha indisposición de última hora.

IV. DIFUSIÓN



1 de marzo

A Editorial Galaxia presentou a súa sede virtual Máis Galaxia. A ferramenta habilita un espazo dedicado ás tres fundacións relacionadas coa editora, que enlaza coas súas webs, entre elas a da Fundación Penzol. Na sección “GalaxiaArte” poden visitarse virtualmente as nosas exposicións “60 pezas para 60 anos. Fundación Penzol, 1963-2023” e “Castelao. De *Sempre en Galiza* ao Consello de Galiza, 1934-1944”.

BOLETÍN *NOVAS PENZOL*

Os boletíns *Novas Penzol* seguen a difundir os nosos fondos bibliográficos e documentais, complementados cos da biblioteca-arquivo Francisco Fernández del Riego, compañeira de sede.

O 22 de outubro saíu o número 31 de *Novas Penzol*, “No centenario de Xohán Vicente Viqueira, 1886-1924”, elaborado polo padroeiro Silvestre Gómez Xurxo, e centrado nos seus fondos bibliográficos e documentais. Para a súa elaboración contou co apoio do noso persoal técnico e, para a súa edición, coa colaboración desinteresada de Editorial Galaxia,

FACEBOOK E INSTAGRAM

Durante o ano 2024 publicáronse en Facebook 64 entradas con diversas informacións relacionadas coa Fundación. O número de seguidores chegou aos 2.000.

En Instagram, fixéronse **???** publicacións. O número de seguidores pasou de 590.

VISITAS

15, 21 e 24 de maio



Visitaron a nosa sede tres numerosos grupos de alumnos de primeiro de Bacharelato do IES Castelao de Vigo. Recibiunos o director, Xosé Manuel Soutullo, que os guiou polas distintas dependencias e lles forneceu información sobre a historia, os fondos e a personalidade de figuras relevantes da historia da Fundación.

22 de maio

Visita de inscritos do curso “Vigo e a súa historia”, da delegación da UNED en Vigo, acompañados pola profesora Puri Pérez González.

6 de xuño

Visita do grupo As Perseidas do Berbés da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello de Vigo. Recibiunos o director, Xosé Manuel Soutullo.

16 de decembro

Visita de alumnos de 2º de bacharelato do IES Álvaro Cunqueiro, de Vigo, acompañados pola profesora Malores Villanueva, secretaria da Fundación Penzol. O padroeiro Xesús Alonso Montero recibíunos no salón de actos, onde lles falou de aspectos da biografía de Castelao. Tamén visitaron a exposición “80 anos de *Sempre en Galiza*”, instalada no vestíbulo da Casa Galega da Cultura.

19 de decembro

Visita dun grupo de estudantes do IES Castelao de Vigo, acompañado polos profesores Ramón Nicolás e Marco Veiga. Recibiuno Xosé Manuel Soutullo, que informou sobre os obxectivos, a importancia e as características da Biblioteca e o Arquivo da Fundación Penzol. Da súa man visitaron a exposición temporal conmemorativa do LXXX aniversario da publicación de *Sempre en Galiza* e da creación do Consello de Galiza, o Museo e Arquivo de Francisco Fernández del Riego e mais o Gabinete de Ramón Piñeiro.

30 de decembro

Visita de Pablo Diego Dios, Julio Nóvoa Fernández e Luís Lores Segade, membros do Consello editorial de ‘O Ferrado’. Á visita sumouse Adrián Perez Bote, gañador do Premio de Narrativa Illa Nova 2024 coa obra 'Baixo o ceo de xeo'.



O Ferrado é un colectivo de mocidade galeguista que ten entre os seus obxectivos a defensa da lingua, a cultura e o patrimonio de Galicia, editor da revista dixital homónima (<https://oferrado.gal/>). Por parte do Padroado da nosa Fundación recibíronos Antón Vidal (vicepresidente primeiro); Malores Villanueva (secretaria), Xavier Martínez Cobas (padro-eiro), e Xosé Manuel Soutullo (director).

V. BIBLIOTECA

NOVOS INGRESOS

MONOGRAFÍAS REXISTRADAS: 716 títulos

Neste apartado cómpre sinalar un fondo de máis de 40 títulos do catálogo do Marco de Vigo, recibido o 28 de maio, que, ademais, regulou o envío das súas publicacións. A xestión realizouna o director, Xosé Manuel Soutullo, ante o director do Museo, Miguel Fernández-Cid.

Durante o ano 2024 a nosa biblioteca acadou as 50.000 monografías. A 1 de decembro xa se superaban as 51.500.

REVISTAS REXISTRADAS: 12 títulos

CATALOGACIÓN INFORMATIZADA DE FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

Monografías: 793 rexistros

Galegas: 695; foráneas: 98

Revistas: 15 rexistros

VI. ARQUIVO

ESTADÍSTICAS PORTAL DE ARQUIVO



Ao longo do ano 2024 produciuse un incremento tanto no número de usuarios como no de visitas a páxinas do portal de arquivos.

Analytics rexistrou un total de **608** usuarios do portal ao longo de 2024, aumento sobre os 496 do ano 2023. As visitas a páxinas aumentaron ata as **26.016** as 22.822 de 2023. Malia que 2023 foi un ano de forte incremento debido a que a celebración do Día das Letras Galegas se dedicou a Francisco Fernández del Riego —o seu arquivo e o da Fundación Penzol comparten o mesmo portal—, mantívose un aumento en usuarios e visitas ao longo de 2024. A principal razón do incremento pode atribuírse ao maior número de contidos dispoñibles para consulta directa a través do portal, tal e como se indica no punto 4, “Documentos dixitalizados de acceso en liña”.

O acceso ao portal continúa sendo difícil e problemático; os motores de busca en Internet non recuperan a páxina e a meirande parte dos usuarios acceden directamente (envío de ligazóns) ou ben con ligazóns remitidas dende outras páxinas (Galiciiana, Censo-Guía ou Facebook).

NOVOS INGRESOS

Non se rexistrou a entrada de conxuntos de documentación durante o ano 2024, agás achegas puntuais de documentos soltos.

DESCRICIÓN DE FONDOS

— Descrición das fotografías persoais do fondo “Colección César Cunqueiro - Fondo Álvaro Cunqueiro Mora”, realizada por Carolina Fiaño Valverde, arquivista contratada grazas á concesión das axudas en materia de arquivos da Xunta de Galicia para o ano 2024. Descríbóronse 755 rexistros cun volume de 0,9 metros lineais.

— Fondo “Pazo de Bergondo”. Remate dos traballos iniciados no ano 2023: cun vo-



lume total de 1,05 metros lineais e 736 rexistros descritivos.

— Fondo familia “Ferreiro de la Maza”. Formado por 759 rexistros descritivos que ocupan un total de 2,7 metros lineais.

— Inicio dos traballos no fondo da familia “Jaspe Ron” que continuarán en 2025.

DESCRICIÓN DOCUMENTAIS

Ao peche do ano 2024 figuraban na base de datos 30.834 rexistros, dos que 25.083 estan dispoñibles a través do portal¹.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Riego. Desagregando os datos, para o Arquivo Penzol figuran un total de 24.200 rexistros dos cales 20.764 están dispoñibles a través do portal.

Durante o ano 2024 realizáronse un total de 1.735 rexistros descritivos de documentos que inclúen dende unidade documental a fondo, correspondendo todos eles ao Arquivo da Fundación Penzol.

ÍNDICES E AUTORIDADES

A 31 de decembro de 2024 figuran un total de 15.943 rexistros de autoridades, dos cales 967 corresponden a descrições de autoridade realizadas en 2024.

Os números comprenden conxuntamente os Arquivos Penzol e Fernández del Rie-

1. A diferenza entre almacenados e dispoñibles débese á declaración de baixa dunha serie de rexistros para mellorar a pertinencia das buscas e evitar “ruído” nas devolucions das consultas. Os rexistros dados de baixa, que poden recuperarse e volver a activar, comprenden descrições de pezas de correspondencia onde xa hai expedientes descritos.



go, pois no caso das autoridades e índices non é posible ofrecer datos separados por arquivo.

DOCUMENTOS DIXITALIZADOS DE ACCESO EN LIÑA

A día da elaboración da presente memoria (23-V-2025) suman un total de 3.495 rexistros, con imaxes asociadas para a consulta directa. Do total de rexistros, 3.084 corresponden ao Arquivo da Fundación Penzol e 411 ao Arquivo Francisco Fernández del Riego.

A partir da adquisición dun novo escáner cenital incorporáronse novos contidos no ano 2024. Cómpre a dixitalización completa do fondo Xohán Vicente Viqueira con motivo da conmemoración do centenario da súa morte en 2024.

No seguinte cadro figura a relación de rexistros-imaxes con indicación do fondo ao que pertencen:

	ANO 2024	
FONDO	REXISTROS	IMAXES
Xohán Vicente Viqueira	133	5388
Manuel Gómez Román	56	167
Arias Teixeira (Antonio e Anselmo)	62	2967
Pazo de Bergondo (Luis López Ballesteros)	151	1524
Antonio López Ferreiro - Celestino García Romero (FONDO COMPLETO)	124	290
Ibañez, Antonio Raimundo	2	87
Francisco Tettamancy Gastón	41	1870
Marquesado de Vilagarcía de Arousa. Colección Valentín Viqueira Barrio.	189	8969
Alvaro Cunqueiro-Fotografías persoais	548	587
TOTAIS	1306	21849

Incorporáronse para a consulta en liña 1.306 rexistros e 21.849 imaxes ao longo do ano 2024, grazas a colaboración do persoal auxiliar de sala na realización da captura das imaxes.

OUTROS TRABALLOS



No mes de xaneiro o Arquivo da Fundación incorporouse ao Censo-Guía de Archivos de España e Iberoamérica:

<http://censoarchivos.mcu.es/CensoGuia/archivodetail.htm?id=1785137>

VII. DOADORES

PARTICULARES

Alejo Amoedo Portela
Antón Costa Rico
Antón García
Antón Lopo
Antón Vidal Andión
Antonio Giz
Bernardo Máiz Vázquez
Bieito Ledo
Carlos Álvarez Lebrede
Carlos Lema Devesa
Carmen Manso Porto
Carmen Pérez Pais
Castelao (arquivo)
Eugenio Álvarez Estévez
Fausto Isorna



Fran Fernández Davila
Gustavo Luca de Tena
José Luis Soto Pérez
José Leoncio Areal
Manuel Puga Pereira
Margarita Fidalgo Pardo
María Dolores Cabrera
Pedro Javier González Rodríguez
Pedro López Gómez
Pilar Vilaboi Freire
Santiago Rodríguez Caramés
Soledad García Riveiro
Takekazu Asaka
Víctor F. Freixanes
Xan Carballa Alonso
Xavier Castro
Xerardo Dasairas
Xesús Alonso Montero
Xesús Domínguez Dono
Xesús González Gómez
Xesús Antonio Gulías Lamas



Xesús Vázquez González
Xosé Antonio Fernández Salgado
Xosé Manuel Soutullo

EDITORIAIS

Alvarellos
Chan da Pólvara
Cumio Editora
Edicións Xerais de Galicia
Galaxia
Laiovento
Sept

REVISTAS

Anuario Brigantino
Club Peña Trevinca
Encrucillada
Industria Conservera
Industrias Pesqueras
Irimia
Raigame



--

INSTITUCIÓN

Academia de Farmacia de Galicia
Anfaco-Cecopesca
Arnoia Distribucións
Arquivo de Galicia (Santiago de Compostela)
Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia
Asociación Faladoiros (Vigo)
Asociación Irimia
Biblioteca Pública de Ourense
Centro Ramón Piñeiro
Club de Prensa de Ferrol
Colegio Oficial de Arquitectos de Madrid
Colexio Peleteiro
Concello de Ames
Concello de Pontevedra
Concello de Redondela
Concello de Ribadeo



Concello de Tomiño
Concello de Vigo
Consello da Cultura Galega
Deputación Provincial da Coruña
Deputacion Provincial de Lugo
Deputación Provincial de Ourense
Eixo Atlántico
Facultade de Historia (Santiago de Compostela)
Fundación Carlos Velo
Fundación Cidade da Cultura
Fundación Eduardo Blanco amor
Fundación Luis Monteagudo
Fundación Olga Gallego
Fundación Otero Pedrayo
Fundación Vicente Risco
Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento
Instituto de Estudios Carballiñeses
Instituto de Estudios Vigueses
La Voz de Galicia
Marco (Vigo)
Museo Arqueolóxico de Ourense



Museo de Pontevedra
Museo do Pobo Galego
Museo Etnolóxico de Ribadavia
Museo Provincial de Lugo
Real Academia Galega de Ciencias
Real Academia Galega
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago
Universidade de Vigo
Valedor do Cidadán de Vigo
Xunta de Galicia

VIII. ESTATÍSTICAS

Os servizos de biblioteca e arquivo, por razóns de tipo técnico, seguiron abertos só na quenda de mañá.

SERVIZO DE CONSULTA EN SALA: USUARIOS POR TIPOLOXÍA DE CONSULTAS

2024	Tese	Investigación	Traballos académicos	Outros	Total usuarios
Totais	13	80	16	67	176



SERVIZO DE CONSULTA EN SALA: TIPOLOXÍA DE MATERIAIS

2023	Libros	Revistas	Arquivo	Total consultas
Totais	605	141	1.882	2.628

CONSULTAS E USUARIOS NON PRESENCIAIS (WEB)

Consultas 5.055

SERVIZO DE COPIA DAS COLECCIÓNIS

Número de copias 998

Número de solicitantes 46

PRÉSTAMOS BIBLIOGRÁFICOS E DOCUMENTAIS

O préstamo de orixinais da biblioteca e do arquivo para a edición de facsímiles, publicacións, reproducións gráficas e audiovisuais, así como para o desenvolvemento de exposicións, supón unha contribución imprescindible para algunhas iniciativas culturais organizadas por diversas institucións públicas e privadas.

Préstamo de orixinais	Total pezas
Traballos editoriais e difusión	6
Exposicións	22

TEMAS DE CONSULTAS E INVESTIGACIÓNIS



Os temas das pescudas realizadas neste centro gárdanse no arquivo da Fundación Penzol. Está a disposición das persoas interesadas.

IX. AXUDAS E SUBVENCÍONS

16 de maio

Presentouse ante o Ministerio de Cultura unha solicitude de subvención de “Axudas para a acción e a promoción cultural - 2024” para a creación dunha páxina web por un importe de 6.899,80 euros. O custo do proxecto é de 8.624,75 euros.

16 de maio

Presentouse ante o Ministerio de Cultura unha solicitude de subvención de “Axudas para a promoción da lectura e as letras españolas 2024” para a exposición de Luísa Villalta por un importe de 4.860,00 euros.

IX. PERSOAL

27 de setembro

Á arquivista Carolina Fiaño Valverde encargóuselle a “Organización e descrición arquivística das fotografías da colección César Cunqueiro - Fondo Álvaro Cunqueiro Mora”. O traballo contou cunha axuda de Arquivos da Xunta de Galicia.